

Historia do Certame Internacional de Improvisación Oral

Quen nos ía dicir a nós, cando puxemos en marcha a I Edición deste Certame, o 14 de maio de 1995 no Auditorio Municipal do Concello de Vigo, que chegaríamos a artellar esta vixésima edición.

Nestes 20 anos as cousas non mudaron moito, no que a relación coas distintas administracións se refire, xa que aínda que nos ofrecen apoios puntuais, tanto o Concello (que grazas ó esforzo da técnica so SNL, Marta Souto, mantén as clases gratuítas de Regueifa no CIOV, durante o curso escolar e promove obradoiros de iniciación nos centros de Primaria e nos Institutos de Secundaria), como a Deputación de Pontevedra (que dende fai dous anos está publicando libros sobre esta disciplina artística e tamén aposta pola extensión dos obradoiros escolares pola provincia, iso si, a Xunta de Galicia, nin iso, cando a UNESCO acaba de declarar o xoves 7 de decembro como Patrimonio Inmaterial da Humanidade o Punto Cubano, que non deixa de ser o equivalente a nosa Regueifa, en todo caso bótase en falta unha implicación máis decidida, sobre todo a nivel do País.

Evidentemente si que houbo mudas no eido artístico, quedaron polo camiño importantísimos referentes como Calviño de Tallo, Costa de Xaviña e outros, pero agromaron unha fornada de novas figuras, como Luís "O Caruncho", Pinto d´Herbón, Josinho da Teixeira, Bieito Lobarriñas e outros, é o mellor é que xa ven a remuda con moz@s como Xairo D´Herbón, Alba M^a, Lupe Blanco, etc. Ou sexa que temos esperanza e ilusión non falta.

Poidémolo facer mellor, pero dámonos por satisfeitos co realizado ata a data, xa que nos honra dicir que por este Certame levan pasado primeiras figuras do Punto Cubano, do Canto ao Desafío, da Glosa, do Bertsolarismo, do Trovo, dos Verseadores, dos Poetas, da Pallada, en definitiva do mundo do repente, pero tamén xente importante doutras disciplinas asociadas directa ou tanxencialmente coa improvisación en verso, como o Teatro improvisado, o Rap, o Recitado Poético, a Canción Retranqueira, etc.

En fin, que 20 anos non son nada, que agardamos poder seguir co Certame outros 20 e que poidamos seguilo disfrutando todos os que o facemos no día de hoxe e moitos outros para os que aínda é descoñecido.



15, 16 e 17 de
decembro

XX
CERTAME
INTERNACIONAL
DE

Centro Veciñal
e Cultural
de Valladares



Venres 15 de decembro

Ás 18:00h. na Ludoteca

♦ Lara Giménez de Cea (Contahistorias improvisadas)

Sábado 16 de decembro

Ás 20:00h. No auditorio

Presenta e recita: Paco Barreiro

♦ Dúas Gamberras e un micro

(Recitado poético combativo)

♦ Monoulous Dop (cancións para botar unhas risas)

♦ TheMomento Impro (Teatro improvisado)

Domingo 17 de decembro

Ás 18:00h. No Auditorio

Presenta: Luis “O Caruncho”

♦ Lupe Blanco, Pinto e Xairo de Herbón (Regueifeir@s galeg@s)

♦ Naty Vieira e Borguinha de Braga (Cantor@s ao desafío)

♦ Marta e Laura (poetas del Genil)

Durante o acto, presentación do libro “*Metodoloxía didáctica do Repente galego*”

***Curso de Introducción á Regueifa**

O domingo ás 17:00h. se recibimos un mínimo de 5 inscricións antes das 14:00h. do día 15 de decembro en oral@regueifa.org (indicando nome, apelidos e teléfono de contacto).

Lara Giménez de Cea

Atriz especializada en animación que crea historias a partires das palabras que lle vai dando a rapazada no mesmo momento das actuacións.

Paco Barreiro

Profesional da música (arraxista e intérprete do CD Dangarandan, acompañante, como guitarrista, de Pilocho, de M^a Manuela, Xosé M. Conde, (tamén é compositor), da dobraxe e do teatro, ademais de amante da Poesía e dos xogos lingüísticos. Aproveitará para recitar algúns textos da súa máis recente obra publicada por Xerais, “Beixos de lingua”, que é a consecuencia de xogar co xugo dos fonemas, o son da lingua.

Dúas gamberras e un micro

Nuria Vi (Vil Vilana) e Vanessa Glemsel veñen dispostas a subvertir os recitais poéticos, demostrándonos que coas súas verbas incendiarias e coa súa posta en escea informal e divertida, poden ser quen de lograr que o público sinta o palpito da poesía, simultaneamente, no corazón, no intelecto e no bandullo.

Monoulous Dop

Na actualidade é o grupo galego en clave de Rock con máis humor que podemos ver sobre un escenario. Ofrecerán un concerto que asegura risas e música pegadiza con retrousos simpáticos. Ofrecerannos unha escolma dos seus millores temas en versión acústica.

TheMomento Impro

Compañía compostelá comandada polo versátil “Cou”, que xa conta cunha longa traxectoria no eido circense e teatral. Son ademais, promotores dun interesantísimo festival arredor dese territorio inmaterial na capital de Galicia. Imos desfrutar como nunca dos inverosímiles argumentos e situacións que se orixinan coas palabras escritas en papeis soltos sacados o chou, os caprichos e ocorrencias do público asistente e outras técnicas.

Luis “O Caruncho”

Luis E. Correa Piñeiro “O Caruncho”, orixinario, por vía materna, do barrio de Freixo, músico tradicional (gaitero e cantante dos Carunchos, zanfonista,...), incipiente poeta e Regueifeiro xa recoñecido.

Lupe Blanco, Pinto e Xairo de Herbón

O último fenómeno do xénero e de xénero feminino xurdido nas terras Regueifeiras por antonomasia, a bisbarra de Bergantiños, dende Coristanco, trasvasada dende o eido da música tradicional, onde é coñecida como pandereteira, bisneta do lendario Blanco de Muiño seco, dicindo a súa inconfundible tonada e coa lingua ben afiada, **Lupe Blanco**.

Dende as terras pementeiras e Rosalianas de Herbón, o inefable **Pinto**, agricultor, cantante e mestre Regueifeiro, ó que escoltará o mellor e máis perigoso dos seus discípulos, o seu fillo **Xairo**.

Naty Vieira e Borguinha de Braga

Dende as terras lusitanas veñen a demostrar a fama que os preceden, @s Cantores ao Desafío do área Braguense, **Naty Vieira**, e **Borguinha de Braga**. Pese a que os dous andan na trintena, a moza xa foi parella de palco do grandísimo Augusto “O Canario”. Coñécena como a Rainha das Cantadeiras e leva dende os 17 anos sen baixarse das alturas. El e un pouco máis inexperto, pero xa vai para 10 anos que practica a Desgarrada, iso si leva bastantes máis no eido da música, xa que toca a concertina en distintas formacións.

Marta e Laura (poetas del Genil)

dúas cultivadoras da Poesía do Genil, que están chamadas a renovar esta antiquísima arte practicada nestas terras andaluzas da cabalo de tres provincias, Córdoba, Málaga e Granada. As novísimas **Marta e Laura**, ambas estudantes, con aproximadamente 18 anos de vida, proceden de Loja (Granada) e son discípulas do afamado cantor, Gerardo Paez “El Carpintero”, un dos integrantes do mítico cuartetos “Los Poetas del Genil”, xa que nesa zona, os improvisadores en verso considéranse poetas do momento e así se denominan eles mesmos.